

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

17268 *Real decreto 1178/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo.*

I

Este real decreto introduce modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo, para adecuar o vixente texto regulamentario á Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, e precisar a regulación da información país por país en relación co disposto na Directiva (UE) 2016/881 do Consello, do 25 de maio de 2016, que modifica a Directiva 2011/16/UE no que respecta ao intercambio automático obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade, incluíndo nela as normas aplicables á presentación da información país por país por parte dos grupos de empresas multinacionais.

II

Este real decreto consta dun artigo único e dúas disposicións derradeiras.
O artigo único modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades.
A disposición derradeira primeira regula o título competencial.
A disposición derradeira segunda fixa a entrada en vigor do real decreto.

III

O artigo 13 da Lei do imposto sobre sociedades regula a deducibilidade das perdas por deterioración do valor dos elementos patrimoniais e, no seu punto 1, remite a un desenvolvemento regulamentario para establecer as normas relativas ás circunstancias determinantes da deducibilidade das dotacións por deterioración dos créditos e outros activos derivados das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras e as concernentes ao importe das perdas para a cobertura do citado risco. Os artigos 8 e 9 do regulamento dan resposta ao dito mandato establecendo as normas aplicables á cobertura do risco de crédito en entidades financeiras.

O 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor a Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, cuxo obxectivo foi adaptar o réxime contable das entidades de crédito españolas aos cambios do ordenamento contable europeo derivados da adopción de dúas novas normas internacionais de información financeira (NIIF) —a NIIF 15 e a NIIF 9—.

A nova circular fai necesario adaptar o artigo 9, relativo á cobertura do risco de crédito, aos novos termos contables utilizados na dita circular. Así mesmo, modifícase o artigo 8 na referencia que contén a un punto do artigo 9.

En segundo lugar, a Unión Europea aprobou a Directiva (UE) 2016/881 do Consello, do 25 de maio de 2016, e incluíu nela as normas aplicables á presentación da información país por país por parte dos grupos de empresas multinacionais. A información país por país foi obxecto de estudo, con anterioridade á directiva citada, na acción 13 do Plan de acción contra a erosión da base impositiva e o traslado de beneficios da OCDE («Plan de acción BEPS»), tendo as súas conclusións na dita materia carácter de estándar mínimo.

Aínda que o Regulamento do imposto xa recolle os aspectos substanciais da directiva e do estándar mínimo da acción 13, existen determinados aspectos, especialmente en canto á obtención de información por parte das entidades residentes en España das súas

matrices estranxeiras se refire que, en prol dunha correcta transposición da normativa comunitaria e do referido estándar mínimo, se considera conveniente precisar.

IV

Este real decreto, de conformidade co preceptuado no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, elaborouse con adecuación aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia.

Este real decreto dítase en exercicio das habilitacións legais contidas nos artigos 13.1 e na disposición derradeira décima da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como da potestade regulamentaria xeral do Goberno conforme o establecido no artigo 97 da Constitución e no artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo:

Un. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Ámbito de aplicación.*

O previsto neste capítulo será de aplicación ás entidades de crédito obrigadas a formular as súas contas anuais individuais de acordo coas normas establecidas polo Banco de España, así como ás sucursais de entidades de crédito residentes no estranxeiro que operen en España. Tamén se aplicará, de ser o caso, ás sociedades para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, así como ás entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio, en relación cos activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, nos termos establecidos no punto 5 do artigo 9 deste regulamento.

Así mesmo, resultará de aplicación aos fondos de titulización a que se refire o título III da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, en relación coa deducibilidade das correccións valorativas por deterioración de valor dos instrumentos de débeda valorados polo seu custo amortizado.»

Dous. Modifícase o artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Cobertura do risco de crédito.*

1. Serán deducibles as dotacións correspondentes ás coberturas de riscos dubiosos que resulten da estimación individualizada ou da aplicación das metodoloxías internas para a estimación colectiva de coberturas previstas no anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros. Non obstante, o total agregado das dotacións resultantes de metodoloxías internas para as estimacións colectivas unicamente será deducible

ata o importe total agregado que resulte de aplicar as porcentaxes de cobertura estimadas polo Banco de España a modo de solución alternativa para tales estimacións colectivas que se conteñen no referido anexo 9.

No caso de entidades que non desenvolvesen metodoloxías internas, serán deducibles, como máximo, as dotacións por coberturas de riscos dúbidosos que resulten de aplicar as porcentaxes de cobertura estimadas polo Banco de España a modo de solución alternativa sinaladas no parágrafo anterior.

2. Tratándose da cobertura do denominado risco-país, serán deducibles as dotacións que non excedan o importe total agregado que resulte de aplicar as porcentaxes de cobertura estimadas polo Banco de España a modo de solución alternativa no anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España.

3. En ningún caso serán deducibles as dotacións correspondentes á cobertura do risco dos seguintes créditos:

a) Os identificados como operacións sen risco apreciable de acordo co anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España.

b) Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público, excepto que sexan obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía.

c) A parte dos créditos garantida con garantías reais eficaces, determinadas de acordo co anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, e unha vez aplicados os descontos sobre o valor de referencia alí establecidos.

d) A parte dos créditos garantida por garantes identificados como sen risco apreciable ou con contratos de seguro de crédito ou caución.

e) Os debidos por persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 18 da Lei do imposto, salvo que estean en situación de concurso, e o xuíz abra a fase de liquidación, nos termos establecidos no texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio.

f) Os debidos por partidos políticos, sindicatos de traballadores, asociacións empresariais, colexios profesionais e cámaras oficiais, salvo que estean en situación de concurso, e o xuíz abra a fase de liquidación, nos termos establecidos no texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, ou concorran outras circunstancias debidamente xustificadas que evidencien unhas reducidas posibilidades de cobramento.

g) Tratándose da cobertura do denominado risco-país, non serán deducibles as dotacións para cubrir as exposicións fóra de balance.

4. Serán deducibles as dotacións que correspondan a risco normal e risco normal en vixilancia especial a que se refire o anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, co límite do resultado de aplicar o un por cento sobre a variación positiva global no período impositivo do importe dos riscos que, de acordo cos criterios establecidos no referido anexo 9, deba ser obxecto de cobertura, excluídos os correspondentes aos créditos enumerados no punto 3 deste artigo e aos valores negociados en mercados secundarios organizados.

5. Para os efectos do previsto neste artigo, serán deducibles as dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas das entidades de crédito a que sexa de aplicación a epígrafe V do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, que permanezan no balance da entidade de crédito, sempre que non superen os importes que resulten do establecido na dita epígrafe V.

No suposto de que os activos inmobiliarios adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas das entidades de crédito se acheguen, transmitan, ou manteñan nunha sociedade para a xestión de activos a que se refire o artigo 3 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, ou nunha entidade que forme parte do mesmo grupo de sociedades da entidade de crédito no sentido do artigo 42 do Código de comercio,

serán deducibles, sempre que se respecten os criterios da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, e polo importe máximo que resultaría de aplicar a citada epígrafe V, as dotacións por correccións derivadas da perda de valor dos activos, tanto se consisten en dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios efectuadas nestas sociedades ou entidades como, de ser o caso, en dotacións efectuadas na entidade de crédito por deterioración do valor das súas participacións nelas ou por outras deterioracións derivadas da perda de valor dos activos inmobiliarios.

Non obstante, as sinaladas dotacións deducibles na entidade de crédito terán como límite o importe máximo a que se refire o parágrafo anterior minorado nas dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios que resultasen fiscalmente deducibles nas citadas sociedades e entidades. Neste caso, no suposto de que sexa de aplicación o réxime especial de consolidación fiscal regulado no capítulo VI do título VII da Lei do imposto, o importe que resulte fiscalmente deducible non será obxecto de eliminación.

No suposto de que, conforme a normativa vixente, a entidade de crédito non poida aplicar o réxime especial de consolidación fiscal coas citadas sociedades ou entidades, as dotacións por deterioración dos activos inmobiliarios nestas últimas terán como límite o importe máximo a que se refire o parágrafo segundo deste punto, minorado nas dotacións por deterioración de participacións ou por outras deterioracións derivadas da perda de valor dos activos inmobiliarios que resultasen fiscalmente deducibles na entidade de crédito, de acordo co establecido no dito parágrafo.»

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As entidades residentes en territorio español que teñan a condición de dominantes dun grupo, definido nos termos establecidos no artigo 18.2 da Lei do imposto, e non sexan ao mesmo tempo dependentes doutra entidade, residente ou non residente, deberán achegar a información país por país a que se refire o artigo 14 deste regulamento.

Así mesmo, deberán achegar esta información aquelas entidades residentes en territorio español dependentes, directa ou indirectamente, dunha entidade non residente en territorio español que non sexa ao mesmo tempo dependente doutra, así como os establecementos permanentes en territorio español de entidades non residentes do grupo, sempre que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que non exista unha obrigaçión de información país por país en termos análogos á prevista neste punto respecto da referida entidade non residente no seu país ou territorio de residencia fiscal.

b) Que, existindo un acordo internacional no sentido da Directiva (UE) 2016/881 do Consello, do 25 de maio de 2016, que modifica a Directiva 2011/16/UE no que respecta ao intercambio automático obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade, co país ou territorio en que resida fiscalmente a referida entidade non residente, non exista un acordo de intercambio automático de información entre autoridades competentes, respecto da dita información, co citado país ou territorio.

c) Que, existindo un acordo de intercambio automático de información respecto da dita información co país ou territorio en que reside fiscalmente a referida entidade non residente, se producise un incumprimento sistemático deste que fose comunicado pola Administración tributaria española ás entidades dependentes ou aos establecementos permanentes residentes en territorio español no prazo previsto no presente punto.

Non obstante o anterior, as sinaladas entidades dependentes ou establecementos permanentes en territorio español non terán a obrigaçión de achegar a información cando o grupo multinacional designase unha entidade dependente constitutiva do grupo que sexa residente nun Estado membro da Unión Europea para que presente

a referida información, ou ben cando a información xa fose presentada no seu territorio de residencia fiscal por outra entidade non residente nomeada polo grupo como subrogada da entidade matriz para efectos da dita presentación. No suposto de que se trate dunha entidade subrogada con residencia fiscal nun territorio fóra da Unión Europea, deberá cumprir as condicións previstas no punto 2 da sección II do anexo III da Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e pola que se derroga a Directiva 77/799/CEE.

No caso de que, existindo varias entidades dependentes residentes en territorio español, unha delas fose designada ou nomeada polo grupo multinacional para presentar a información, será unicamente esta a obrigada a tal presentación.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación cando a entidade designada ou nomeada non poida obter toda a información necesaria para presentar a información país por país de acordo co establecido no artigo seguinte.

Así mesmo, dentro do suposto previsto no parágrafo segundo do presente punto, a entidade residente en territorio español ou o establecemento permanente en territorio español obrigados a presentar a información país por país deberán solicitar á entidade non residente a información correspondente ao grupo. Se a entidade non residente se nega a subministrar todo ou parte desa información, a entidade residente en territorio español ou o establecemento permanente en territorio español presentarán a información de que dispoñan e notificarán esta circunstancia á Administración tributaria.

Para efectos do disposto neste punto, calquera entidade residente en territorio español que forme parte dun grupo obrigado a presentar a información aquí establecida deberá comunicar á Administración tributaria a identificación e o país ou territorio de residencia da entidade obrigada a elaborar esta información. Esta comunicación deberá realizarse antes da finalización do período impositivo a que se refira a información.

O prazo para presentar a información prevista neste punto concluirá transcorridos doce meses desde a finalización do período impositivo. O fornecemento da dita información efectuarase no modelo elaborado para o efecto, que se aprobará mediante orde da ministra de Facenda.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2020 e que non conclúsen no momento en que entre en vigor este real decreto.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO